



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

ORDENANZA DE TENENCIA DE ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO 1.- TENENCIA DE ANIMAIS NA VIA PÚBLICA

Artigo 1.- Esta Ordenanza ten por obxecto regular a tenencia de animais na vía pública.

Artigo 2.- En todo o que non prevea esta Ordenanza, estarase ó previsto na lexislación vixente.

Artigo 3.- Prohíbese que os animais domésticos realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, parterres, zonas verdes ou terrazas e restantes elementos da vía pública destinados/as ó paso ou estadía da cidadanía. O/a propietario/a dun animal doméstico ou, en forma subsidiaria, quen o teña ó seu coidado está na obriga de recoller e retirar das rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos as deposicións ou materiais similares que deposite o animal, sendo o responsable da suciedade que este produza na vía pública.

Artigo 4.-Queda prohibida a limpeza e o lavado de animais domésticos na vía pública.

Artigo 5.-Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrecia pública e uso público tales como parques, alamedas, praias, xardíns, piscinas, etc., nos que a súa estadía resulta desaconsellable por razóns hixiénicas ou sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento incompatibles coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Para tal efecto, os citados lugares contarán coa correspondente sinal. En calquera caso, tamén estará prohibida con carácter xeral tal tenencia en calquera outro lugar de concorrecia e titularidade pública. Sempre que non haxa unha prohibición expresa, os animais deberán ir debidamente



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

controlados utilizando sempre correa e buceira cando fose preciso.

CAPITULO 2.-RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 6.-Os/as infractores/as da presente ordenanza serán sancionados/as de acordo o que dispón este Título.

Artigo 7.- Todo cidadán ou persoa xurídica poderá denunciar perante o Concello calquera infracción da presente ordenanza.

Artigo 8.-As denuncias orixinarán o oportuno expediente en averigüación dos feitos, seguíndose os trámites preceptivos, coa adopción das medidas cautelares necesarias ata a resolución final.

Artigo 9.- As infraccións cualificaranse en LEVES, GRAVES e MOI GRAVES, segundo a tipificación que se faga delas nos artigos seguintes.

Artigo 10.- O procedemento sancionador axustarase ó regulado con carácter xeral para as Administracións Públicas.

Artigo 11.- Constitúen infraccións leves:

-Non recoller as deposicións dos animais das rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos.

-Lavar os animais na vía pública ou en lugares de concurrencia pública.

Artigo 12.- Constitúen infraccións graves:

-Permitir que o animal transite (acompañado ou non) por lugares ou espazos públicos cando este uso estea especialmente prohibido neles.

Artigo 13.- Constitúen infraccións moi graves:

-Reincidencia na comisión de tres faltas graves



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Artigo 14.- Na aplicación das sancións atenderase ó grao de culpabilidade, intencionalidade, dano causado, perigosidade que implique a infracción e demais circunstancias atenuantes ou agravantes que concorran.

Artigo 15.- O importe das sancións será o seguinte:

- a) LEVES: apercibimento e multa de ata 50 €
- b) GRAVES: multa de 50,01 € a 150 €
- c) MOI GRAVES: multa de 150,01 € a 600 €

O valor da sanción poderá incrementarse ou reducirse de acordo coas circunstancias dos feitos.

As infraccións reincidentes se cuantificarán nun 25% máis ó que lles corresponda polas súas características.

Soutomaior, 17 de xuño de 2010.

O Alcalde,
Agustín Reguera Ocampo

Publicación Integra: 21/07/10 (BOP N° 138)

Entrada en vigor: 3/09/2010